

Exp.- 589/2026

Asunto: Proceso selectivo para a contratación laboral temporal de 4 Brigadas de Prevención e extinción de incendios forestais

RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA

LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUIDOS/AS. XEFE DE BRIGADA (CAPATAZ)

Visto que, mediante Resolución da Presidencia de data 23/04/2026, aprobouse a lista provisional de persoas candidatas admitidas e excluídas para o posto de Xefes de Brigada, de entre as persoas preseleccionadas e convocadas pola Oficina de Emprego de Celanova (SPEG), en relación coa oferta de emprego nº 12-2026-2864, no marco do proceso selectivo para a contratación temporal de persoal para a constitución de catro (4) brigadas de prevención e extinción de incendios forestais para o exercicio 2026

No marco do convenio interadministrativo subscrito entre a Consellería do Medio Rural e diversas mancomunidades, para a consolidación dun programa que establece 22 brigadas por un período de seis meses, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) ao abeiro do PEPAC 2023-2027

Unha vez expirado o prazo de presentación de reclamacións á lista provisional, e de conformidade co establecido nas bases da convocatoria aprobadas mediante Decreto de Presidencia nº 2026-0318, así como coa normativa de aplicación en materia de función pública e réxime local,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Aprobar a seguinte relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos:

a) RELACIÓN DE ASPIRANTES ADMITIDOS:

- ARIAS VÁZQUEZ, ANXO
- DRAGOMIROV IVANOV, SIMEON
- FERNÁNDEZ PORTO, EULOGIO
- GONZÁLEZ REPRESAS, RUBÉN
- JORGE GOYANES, MARCOS
- LÓPEZ GONZÁLEZ, LUIS
- PORTO CAPERÁN, ROBERTO
- RODRÍGUEZ YAÑEZ, BORJA
- SANMIGUEL PÉREZ, JAVIER



b) RELACIÓN DE ASPIRANTES EXCLUIDOS:

APellidos e Nome	CAUSA EXCLUSIÓN
PALMOU ATENE, FABIO	Non figurar na relación de aspirantes preseleccionados remitida pola Oficina de Emprego do SPEG, de conformidade co establecido na base sétima .
RODRIGUEZ CERNADA, UXIA	Non figurar na relación de aspirantes preseleccionados remitida pola Oficina de Emprego do SPEG, de conformidade co establecido na base sétima

SEGUNDO.- Designar a composición do Tribunal Cualificador do proceso selectivo:

Presidente/a: Nazaret Álvarez Freire, Coordinadora Xefe da Mancomunidad Terra de Celanova

Vogal: Julia Rodríguez Lamas, Técnica Admnsitrativa da Mancomunidad Terra de Celanova

Vogal: Rubén Pardo Cid, Axente forestal, do distrito XII Miño-Arnoia

Vogal: José Luis Rodríguez Álvarez, Bombeiro da Mancomunidad Terra de Celanova

Secretario: José Luis Santalices Mourille, Axente de Emprego da Mancomunidad Terra de Celanova

TERCEIRO. Convocar aos candidatos que forman parte da Lista de admitidos definitivos a **realización das probas o vindeiro día 29 de abril de 2026**, onde deberán acreditarse presentando a documentación de identificación oficial correspondente.

A falta de presentación do aspirante ás probas significará a súa eliminación do proceso selectivo

Horarios e Lugares:

-A realización da proba teórica terá lugar ás 08:45 horas, nas instalacións da Mancomunidad, en Barrio da Ermida 39 Celanova.

-A realización das probas físicas, de esforzo e práctica, terá lugar a continuación, a partir das 10:30 horas no Pavillón Pedra da Moa- Celanova, en rúa Pedra Moa S/n.

Para a realización da proba física de esforzo, as persoas aspirantes deberán acudir obrigaoriamente provistas dunha mochila cun peso total de **11 quilogramos**, para eso deberán cargala cos elementos que consideren oportunos.

A proba consistirá en percorrer unha distancia de **3.200 metros en terreo chairro**, transportando a mochila indicada, nun tempo máximo de **30 minutos**.

QUINTO.- Publicación e recursos

Publicar a presente Resolución na sede electrónica da Mancomunidad Terra de Celanova



(<https://terradecelanova.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de anuncios.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, ante o órgano xurisdiccional competente, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ante min,

A Secretaria,

Asdo.: M^a Dolores Villar Álvarez.

O Presidente

Asdo.: Jaime Sousa Seara

